

Capela de San Pedro

060050

Datos de Localización

Capela

Nomenclator: 3207802
Coord. UTM: X: 61550425
Y: 466582018
Concello: Sarreaus
Parroquia: CODOSÉDO
Lugar: Pazos
Tipoloxía: Arquitectura Relixiosa
Tipo: Capelas
Subtipo: Capela



Denominación: Capela de San Pedro
Etaqa Histórica: Idade Moderna
Estilo relevante Popular

Outros Estilos:

Descrición:

Edificio de planta rectangular, dunha soa nave e cuberta a dúas augas con tella francesa. Os muros están levantados con perpiaño na metade traseira e con formigón na dianteira, sendo esta parte, o resultado dun engadido posterior. A fachada principal, froito destas obras de ampliación, presenta porta de madeira con montante flanqueada por dúas ventás con reixa; e remata cunha espadana, dun só arco con pináculos e cruz latina, que se supón da antiga construción. A capela foi restaurada en 1977 gracias á doazón dun veciño, D. Constantino Losada Losada.

A capela foi trasladada a súa actual localización dende o denominado Monte de San Pedro, situado ao Leste de Pazos. Segundo os libros parroquiais, en 1714 atópase en estado ruinoso, instando o obispado aos responsables e herdeiros de Inés López Rodríguez, de Pazos, para que a reparen e dando autorización a que a trasladen a un lugar máis preto á aldea: "*Y asimismo an concurrido algunos vecinos de dicho lugar de paços delante su merced y le an representado la dicha hermita de San Pedro está toda cayda y derotada y distante del lugar y dandole su merced licencia así a los patronos como a los vecinos de dicho lugar para mudarla junto a dicho lugar*" (Libro de contas de fábrica, 45-6-10, visita do 15 de agosto de 1714, folio 72). En visita do 3 de agosto de 1728, séguese insistindo no mal estado e "indezencia" no que está a ermida, dándolle aos veciños dous meses de prazo para reparala (Libro de contas, 45-6-10, visita do 3 de agosto de 1728, folio 114 volta). Na visita do 13 de novembro de 1732, a situación da ermida cambia sustancialmente: "*Visitó su Merced la hermita de San Pedro de Pazos la que allo con un retablo nuevo, con su frontal en el altar, y todo ello de forma que dezentemente se puede dezir y zelebrar missa en ella quando se ofrezca*" (Libro de contas de fábrica, 45-6-10, visita do 13 de novembro de 1732, folio 128). En 1756 non se fixeron os reparos necesarios e faise constar o interese dos veciños por aproximar a ermida ao "casco do lugar" (Libro de contas, 35-6-10, visita do 6 de outubro de 1756, folio 181).

DOCUMENTACIÓN:

-A.H.D.OU.

Libro de contas de fábrica, 45-6-10.

Características Construtivas

Plantas: Raixa

Partidas:

Data:

Edif. Anexas:

Mat. Fachada: Granito e formigón

Mat. Estrutura: Granito e madeira

Mat. Cuberta: Tella

Elementos singulare

Construtivos:

Decorativos:

Delimitación do Ben e da contorna

Situación: Outros

Area de Protección:

Protección

Tipo de ben: Sen rexistrar

Proposta de tipo de ben: Inventariado

Estado de Tramitación:

Nivel de Protección Arq.: Sen protección

Proposta Nivel de Protección Arq. Estructural

Grao de Protección Arq.: -----

Proposta Grao de Protección Arq. -----

Xustificación da Protección:

Titularidade

Polígono:

Parcela:

Conservación-Intervención

Estado de Conservació Bo

Uso Actual: Relixioso

Alteracións Morfolóxicas

Tipo:

Data:

Descrición:

Proxecto:

Axentes:

Observacións:

Bens Mobles







